

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A UNIVERSALIZACIÓN DOS SERVIZOS FINANCEIROS NOS CONCELLOS GALEGOS.

En Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2020

REUNIDOS

Valeriano Martínez García, conselleiro de Facenda e Administración Pública, nomeado por Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras de la Xunta e da súa Presidencia, e en virtude do establecido no Decreto 110/2020, de 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 30/2017 de 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, modificado polo Decreto 11/2019, do 7 de febreiro e polo Decreto 69/2019, de 27 de xuño, así como polo Decreto 130/2020, de 17 de setembro.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes Estatutos da FEGAMP (aprobados pola Asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea xeral do 29 de novembro de 2019.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Protocolo de Colaboración, e na súa virtude



EXPOÑEN

Primeiro.- O sector bancario nos últimos anos, por mor da crise económica e dos requirimentos do Banco Central Europeo, sufriu unha forte reestruturación. Isto, unido á desaparición das caixas de aforros, significou o peche dun elevado número de oficinas en todo o territorio, especialmente importante no medio rural.

Segundo o Instituto Galego de Estatística, a 31 de decembro de 2019, en Galicia hai 42 concellos que carecen de oficina bancaria no seu territorio, o que supón un 13% do total de concellos galegos. A provincia mais afectada é Ourense con 26 concellos nos que residen 26.964 habitantes, seguido da Coruña con 10 concellos e 20.601 habitantes.

Esta realidade dificulta o acceso a servizos financeiros aos habitantes dos concellos afectados, o que podería ter consecuencias directas no seu desenvolvemento económico e social e na despoboación do seu territorio.

Segundo.- O Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e de facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Terceiro.- A Xunta de Galicia ten como obxectivo promover que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos servizos financeiros e bancarios en condicións equivalentes, para o cal ten a intención de impulsar a colaboración das entidades financeiras que operan en Galicia no obxectivo da cohesión territorial.

Cuarto.- É interese da FEGAMP, en virtude dos fins establecidos no artigo 6 dos seus Estatutos de data 4 de decembro de 2003, colaborar coa Xunta de Galicia na posta en marcha de medidas orientadas á universalización dos servizos financeiros, actuando como intermediaria entre a Xunta de Galicia e os concellos de Galicia.



Os concellos, segundo establece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Quinto.- Con data 30 de outubro de 2019 asinouse un protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para instrumentar medidas para universalizar o acceso aos servizos financeiros e bancarios aos habitantes dos concellos galegos.

Como consecuencia das circunstancias sobrevidas pola crise sanitaria, considérase conveniente substituír o mencionado protocolo por uno novo que se adecúe ás actuais necesidades.

Sexto.- Ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración para adoptar medidas dirixidas a universalizar o acceso aos servizos financeiros.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan

ACORDAN

Asinar o presente protocolo de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente protocolo é establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para instrumentar medidas para universalizar o acceso aos servizos financeiros e bancarios aos habitantes dos concellos galegos.



Segunda. Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, ten a intención de incentivar a prestación dos seguintes servicios nos concellos galegos do medio rural que presenten dificultades de accesos á servicios financeiros e bancarios básicos, prioritariamente naqueles concellos que carezan dunha entidade financeira no seu termo municipal:

- A instalación de caixeiros automáticos nas dependencias municipais dos concellos afectados e que se adhiran ao presente protocolo.
- A prestación dun servizo de asistencia financeira nas dependencias municipais dos concellos afectados e que se adhiran ao presente protocolo, que permita proporcionar un nivel de servizo equivalente ao dunha oficina bancaria convencional.
- A prestación dun servizo de formación financeira e banca electrónica nas dependencias municipais dos concellos afectados e que se adhiran ao presente protocolo, que permita adquirir nocións básicas para aprender a utilizar os servizos bancarios a través das novas tecnoloxías.

Terceira. FEGAMP.

A FEGAMP actuará como intermediaria entre a Xunta de Galicia e as entidades locais comprometéndose a:

- Difundir, promover e potenciar o contido deste Protocolo e do correspondente Convenio entre tódalas entidades locais e concellos de Galicia, prioritariamente nos concellos que carezan dunha entidade financeira no seu termo municipal.
- Tramitar as adhesións dos concellos ao presente Protocolo e o posterior Convenio, e comunicar as adhesións á Xunta de Galicia.



Cuarta. Entidades Locais.

As entidades locais que se adhiran a este Protocolo comprométese a colaborar coa Xunta de Galicia na implantación das medidas para universalizar o acceso a servizos financeiros nos concellos galegos, podendo establecerse mediante o correspondente Convenio de Colaboración, entre outras, as seguintes obrigas:

- Cesión de espazos nos que instalar os caixeiros automáticos.
- Realización de cantos trámites administrativos sexan necesarios para a efectiva instalación do caixeiro automático.
- Cesión dun local habilitado e con capacidade suficiente para prestar o servizo de formación en banca electrónica e de asesoramento financeiro personalizado periódico.
- Dotar aos espazos cedidos para a instalación do caixeiro automático das acometidas de electricidade, telefonía e outras que foran necesarias para realizar a conexión do caixeiro, e asumir o custe destes subministros ao longo da prestación do servizos.
- Facerse cargo da execución e pago dos gastos derivados da limpeza e conservación dos espazos e locais cedidos para a instalación dos caixeiros e para a prestación dos servizos de asistencia financeira e formación.

Sexta. Adhesión ao protocolo.

As Entidades locais poderán asinar a súa adhesión ao presente protocolo mediante o modelo que figura como Anexo I.

A adhesión ao presente protocolo comporta o compromiso de adherirse ao convenio que estableza as obrigas de cada unha das partes.

Sétima. Modificacións.

As modificacións deste Protocolo formalizaranse mediante addenda cos mesmos requisitos e coas mesmas condicións que se esixen para a súa aprobación.



Oitava. Obrigas de publicidade.

O presente Protocolo será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de Protocolos da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do Protocolo.

Novena- Comisión de seguimento da execución do Protocolo.

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados pola Consellería de Facenda e Administración Pública e dous representantes da FEGAMP, para levar a cabo o seguimento e avaliación da execución do seguinte Protocolo:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste Protocolo.
- As propostas de modificación do presente Protocolo.
- Seguimento das posibles adhesións ao presente Protocolo que se soliciten polas Entidades Locais, aplicando o modelo incorporado no Anexo I.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración autonómica, reunirse cando así o solicite algunha das partes.

Será de aplicación o réxime establecido para os órganos colexiados no capítulo I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de



Galicia. No funcionamento ordinario da comisión de seguimento promoverase o uso de medios dixitais para as actuacións de coordinación, seguimento e sinatura de acordos.

Décima. Réxime xurídico.

O presente protocolo límitase a establecer as pautas de actuación sobre unha cuestión de interese común para as partes asinantes, tratándose dun acordo programático ou declarativo e sen eficacia obligacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente.

Este protocolo substitúe ao asinado con data 30 de outubro de 2019.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan e rubrican, no lugar e data sinalados no encabezamento

Pola consellería de Facenda e
Administración Pública

Pola FEGAMP

Valeriano Martínez García

Alberto Varela Paz



Anexo I

Protocolo de adhesión voluntaria da entidade local.....

D/Dna.....,, en representación do concello de.....

DECLARO:

Que o (órgano competente) da (Entidade Local) acordou, con data____de_____ de 202_ ,solicitar a adhesión ao Protocolo de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a universalización dos servizos financeiros e, en consecuencia,

MANIFESTO:

A vontade da (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Protocolo mencionado, asumindo os compromisos derivados do mesmo así como o compromiso de adherirse ao convenio que estableza as obrigas de cada unha das partes.

(Lugar, data e firma)

